

CURSO

TRABALLO SOCIAL EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES

DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1) Resumen do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivos.....	4
4) Contidos formativos.....	4
5) Persoas destinatarias.....	6
6) Calendario	7
7) Metodoloxía.....	7
8) Avaliación	7
9) Docencia	8

NOTA: La renuncia a las plazas adjudicadas dará derecho a la devolución de la matrícula abonada, siempre que la comunicación se produzca antes de la finalización del plazo de inscripción del curso que se trata (en términos generales antes de los cinco días naturales anteriores al comienzo de la acción formativa), o por causa de fuerza mayor justificada documentalmente.

1. RESUMO DO CURSO



100 horas



Online



Do 11 de setembro ao 6 de novembro de 2023



Colexiados/as: ~~110€~~, agora 55€
Non colex.: ~~140€~~, agora 110€

2. FUNDAMENTACIÓN

“A poboación mundial envellece e esta realidade non é allea ao noso país, onde o seu crecemento é intenso e acelerado” (Pérez Díaz, Abellán García, Aceituno Nieto, & Ramiro Fariñas, 2020). “Os últimos datos sitúan a poboación total de España en 47.326.687 persoas, das cales **o 20% son persoas maiores de 65 anos**” (INE, 2021).

“As cifras provisionais da esperanza de vida ao nacer en 2020 foron de 85,1 anos para as mulleres e de 79,6 anos para os homes (INE, 2020), o que nos amosa outra das tendencias previstas nas próximas décadas, o denominado **“envellecemento do envellecemento”**, isto é, un incremento das persoas que superan os 80 anos de idade” (Fernández Muñoz et ao., 2021).

Doutra banda, asistimos a grandes cambios nas familias: redución nas dimensións e diferentes tipos de estruturas familiares, dispersión xeográfica dos membros, total incorporación da muller ao mundo laboral, incremento do número de persoas maiores que viven soas, maior complexidade e duración dos cuidados en persoas maiores en situación de dependencia, etc.

Coa entrada en vigor da **Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia**, as distintas Comunidades Autónomas comezan a elaborar normativas e a ofrecer unhas extensas cartas de servizos para as persoas que tras unha valoración inicial reciben un grao de dependencia. O nacemento desta lei provoca un aumento exponencial do número de centros de atención a persoas maiores, tanto de carácter público como privado, que xorden para cubrir as novas necesidades. Isto reflíctese nun incremento do número de postos de traballo ofertados no sector.

A European Ageing Network informa de que existe un **grao excesivo de institucionalización**, que as persoas maiores non desexan, xa que buscan servizos compatibles cunha vida independente e autónoma. “Piden que os servizos se adapten ás necesidades persoais e manteñan a súa dignidade ata o final dos seus días” (European Ageing Network, 2019).

En España, xorde timidamente o **modelo de atención centrado na persoa (ACP)**, como novo eixo vertebrador da calidade dos servizos xerontolóxicos. “Este modelo parte do recoñecemento da dignidade da persoa como ser único e cun control real sobre as cuestións que afectan á súa vida cotiá” (Martínez, 2018).

A actual **crise sanitaria do Covid-19** e a súa repercusión nos centros residenciais de persoas maiores xerou unha corrente que avoga polo cambio cultural definitivo cara á ACP, mediante a creación de pequenas unidades de convivencia, con cuartos individuais e profesionais estables (eliminar a rotación permanente de persoal) onde un novo brote poida ser controlado con maior facilidade.

Neste contexto, os centros de atención a persoas maiores convértense nun dos principais xacementos de emprego para os e as profesionais do traballo social, cuxa figura atópase totalmente integrada na súa organización e funcionamento. A sociedade avanza e as persoas maiores de hoxe en día son diferentes ás de hai corenta anos, cambian as preferencias e os proxectos de vida que, cada vez máis, xiran ao redor da idea de autodeterminación, calidade de vida e envellecemento activo.

A motivación principal desta formación, é que sempre considere inxusta a concepción edadista que a sociedade actual ten sobre o colectivo de persoas maiores; a vellez asociada á enfermidade, dependencia, inactividade, carga, soidade non desexada e illamento.

A miña experiencia como traballadora social demóstrame o contrario. Coñecín a unha poboación diversa e en constante evolución. Persoas autónomas, empoderadas, activas, involucradas coa sociedade, solidarias e participativas, que nada teñen que ver cos estereotipos que nutren o imaxinario colectivo, os centros de atención a persoas maiores deben adaptarse a este novo perfil poboacional e as traballadoras sociais, como axentes de cambio, debemos impulsar o novo modelo.

2. OBXECTIVOS

- Dotar a profesionais do traballo social dos coñecementos necesarios para o correcto desempeño das súas funcións en centros de atención a persoas maiores.
- Erradicar prexuizos edadistas relacionados coas persoas maiores para lograr unha adecuada intervención social.
- Dar a coñecer a profesionais do traballo social os métodos, técnicas e ferramentas de intervención social necesarias para desempeñar o seu labor no ámbito das persoas maiores.

3. CONTIDOS

Módulo 1. Marco contextual dos centros de atención a persoas maiores.

- Evolución histórica dos centros de atención a persoas maiores.
- Tipoloxía de centros de atención a persoas maiores.
- Funcionamento e organización dos centros de atención a persoas maiores.

Módulo 2. Marco legal dos centros de atención a persoas maiores.

- Normativa internacional.
- Normativa nacional.
- Normativa autonómica.

Módulo 3. Intervención do traballador ou traballadora social en centros de atención a persoas maiores.

- Funcións do traballador ou traballadora social en centros de atención a persoas maiores.
- Técnicas e instrumentos de intervención social.
- Programas informáticos e redes sociais.

Módulo 4. Perfil poboacional en centros de atención a maiores.

- O proceso de envellecemento: teorías e cambios asociados (biolóxicos, psicolóxicos e sociais).
- Aspectos socio demográficos da poboación maior en España.
- Persoas maiores e dependencia: grandes síndromes xeriátricas.
- Feminización do envellecemento.
- O colectivo LGTBIQ+ nas persoas maiores.
- O edadismo.
- A sexualidade nas persoas maiores.

Módulo 5. Provisión de apoios no exercicio da capacidade xurídica.

- O cambio de paradigma: A Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade de 2006 (Convención de Nova York).
- A lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio das persoas con discapacidade no exercicio da capacidade xurídica.

- Procedemento de provisión de medidas xudiciais de apoio.
- Ingresos involuntarios en centros de atención a persoas maiores en situación de dependencia ou discapacidade.
 - Autorización xudicial de internamento ordinario.
 - Autorización xudicial de internamento urxente.
 - Tramitación do procedemento de internamento involuntario.
- Medidas de autoprotección: testamento vital, instrucións previas, vontades anticipadas.

Módulo 6. Abusos e malos tratos a persoas maiores en situación de dependencia en contornas de convivencia.

- Concepto de malos tratos a persoas maiores.
- Tipos de malos tratos a persoas maiores.
- Os malos tratos institucionais.
- Detección e actuación ante malos tratos a persoas maiores en institucións.
- EASI: Índice de sospeita de malos tratos nas persoas maiores.

Módulo 7. Modelo de atención centrado na persoa.

- En que consiste a atención centrada na persoa?.
 - Definición do modelo de atención centrada na persoa.
 - Características do modelo de atención centrada na persoa.
 - A orixe da ACP: Carl Rogers e a atención centrada no cliente.
- A atención centrada na persoa en servizos xerontolóxicos.
- Metodoloxías facilitadoras da ACP no ámbito do traballo social: a historia de vida.
- O “senior cohousing” como alternativa ás residencias tradicionais.

Módulo 8. Mediación e persoas maiores.

- Mediación e conflito.
- Principios fundamentais da mediación.
- As fases no proceso de mediación.
- A mediación en residencias e centros de atención a persoas maiores: Conflitos e envellecemento, tipos de conflito, aplicación da mediación nos centros de atención a maiores.
- A mediación en cuidados de longa duración: Tipos de conflitos en cuidados de longa duración, vantaxes da mediación nos cuidados de longa duración.

Módulo 9. Ética en intervención social con persoas maiores.

- Ética en traballo social.
- Conflitos éticos na intervención social con persoas maiores.
- Modelos resolutivos da conflictividade ética.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Profesionais do traballo social, persoas colexiadas e precolexiadas con interese na área das persoas maiores e a atención á dependencia.

5. CALENDARIO

Desde o 11 de setembro ao 6 de novembro de 2023, a través de Moodle. Adicionalmente e para complementar a formación en liña, está prevista a realización de 1 sesión virtual de presentación da formación, introdución ao tema e resolución de dúbidas. Esta sesión terá carácter voluntario.

6. METODOLOXÍA

Formación en liña onde, a través da plataforma Moodle do COTSG, o alumnado poderá traballar os contidos formativos mediante os seguintes recursos: temario en formato PDF, contido audiovisual, exercicios prácticos, lecturas complementarias e participación activa nos foros onde se propoñerán temas de interese para fomentar o debate.

7. AVALIACIÓN

Para superar o curso, é preciso realizar o **test final de cada módulo** onde haberá que contestar correctamente 6 das 10 preguntas plantexadas. O alumnado disporá, para iso, de 3 intentos. Nalgúns dos módulos plantexaranse **tarefas ou exercicios prácticos** que terán un **carácter obrigatorio**, e que serven para afondar no tema obxecto de estudo.

A participación nos **foros** é **voluntaria**, aínda que recomendamos o uso dos mesmos para que a formación resulte máis enriquecedora, debater en grupo, compartir dúbidas, experiencias e xerar sinerxias.

8. DOCENCIA

Victoria Abadía Calpena

Alicerce Social

GABINETE DE TRABALLO SOCIAL

Traballadora social en exercicio libre desde 2018 e fundadora de **Alicerce Social**, gabinete de traballo social, peritaxe social e mediación familiar situado nun centro médico da cidade de Pontevedra.

Forma parte do equipo facilitador de **Cohousing Galicia**, entidade facilitadora de proxectos sociais en Galicia.

Actualmente colabora con **Firma Quattro** no ámbito do traballo social en empresas.

Docente en Colexios Profesionais de Traballo Social en materia de persoas maiores, dependencia, exercicio libre e senior cohousing.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)